

**PROBAS DE ACCESO Á UNIVERSIDADE (ABAU)**

**CONVOCATORIA DE SETEMBRO**

**Curso 2017-2018**

*CRITERIOS DE AVALIACIÓN*

**LINGUA INGLESA**

**(Cód 11)**

**Question 1. Summary (1 punto)**

Esta pregunta será puntuada segundo os seguintes criterios:

1. O alumno identificou as ideas principais do texto e resumiunas sen incluír información secundaria ou anecdótica.
2. O alumno expresou estas ideas en aproximadamente 50 palabras, sen copiar literalmente do texto, con coherencia, claridade, cohesión, razoable corrección gramatical e léxico axeitado ao tema.

**Question 2. True/False (1 punto; 0,25 x 4)**

O alumno debe indicar se as frases son verdadeiras ou falsas e escribir a parte (e só esa parte) do texto, na que se basea para xustificar a súa resposta.

**Question 3. Find words or phrases ... (1 punto; 0.25 por cada palabra/ expresión correcta)**

**Question 4. Pronunciation (1 punto; 0,25 x 4)**

O alumno debe demostrar que sabe distinguir elementos básicos da pronuncia do inglés, como son consonantes, vocais, diptongos, terminacións, etc.

**Question 5. Transformations (1,5 puntos; 3 x 0,5)**

Transformación dunha parte ou o total dunha frase noutras palabras para que signifique o mesmo. Constará de tres partes, cunha puntuación de 0,5 puntos para cada parte.

**Question 6. Writing (3 puntos)**

Esta pregunta pretende avaliar a capacidade comunicativa do alumnado no ámbito da produción escrita. A nota final (máximo 3 puntos) outorgarase segundo a medida na que o alumnado cumpra os seguintes parámetros; cada un deles puntuarase de 0 a 0.5 puntos:

**a) Alcance.** O alumnado aborda adecuadamente o tema proposto. Sabe comunicar as ideas que quere transmitir utilizando unha considerable variedade de recursos. Sabe utilizar o rexistro lingüístico adecuado á situación.

**b) Riqueza e control do vocabulario.**

**c) Corrección gramatical.** O alumnado ten un repertorio básico de elementos lingüísticos e de estratexias que lle permiten abordar o tema con comodidade. Non comete erros gramaticais básicos, como, por exemplo, omitir o suxeito diante dun verbo, omitir a “-s” da 3ª persoa do singular do Presente Habitual (he writeS), utilizar adxectivos en plural, usar incorrectamente os adxectivos posesivos e demostrativos, non dominar os tempos verbais e outros erros similares.

**d) Fluidez.** O alumnado posúe un dominio da lingua inglesa adecuado e suficiente para evitar cortes na comunicación ou malentendidos.

**e) Cohesión.** O alumnado utiliza adecuadamente os conectores e demais medios de cohesión.

**f) Coherencia.** O alumnado é capaz de organizar as súas ideas para redactar un texto coherente e ben estruturado

**TOTAL = 8,5 puntos.**

**Segunda parte: LISTENING TEST (1,5 puntos; 5 x 0,1 e 5 x 0,2)**

O alumno debe escoitar a gravación e a continuación contestar a dez preguntas tipo “test” e/ou doutro tipo, por exemplo, de encher unha frase coa información que se proporciona na gravación.